



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n
36681 A Estrada (Pontevedra)
Tlf 986590104 / Fax: 986571478
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org



NORMAS BÁSICAS PARA O ALUMNADO

- O uso de **máscara** é obrigatorio en todo momento, correctamente usada (tapando nariz e boca). É obrigatorio que traías diariamente:
 - unha máscara de reposto
 - un sobre ou bolsa de tea para gardar a máscara que uses, cando a saques (só se pode sacar para comer no exterior)
 - un pequeno bote de xel hidroalcohólico
 - panos de papel para uso persoal
- Debes lembrar que porta e escaleiras tes asignadas para a **entrada e a saída** do centro:
 1. Porta A (principal): alumnado de 1º e 2º ESO. Empregará a escaleira á esquerda da porta.
 2. Porta B (tras conserxería): alumnado de 3º, 4º e 1º BAC B. Empregará a escaleira á esquerda da porta, agás o alumnado de 1º BAC B que se dirixirá directamente á súa aula na planta baixa.
 3. Porta C (ao lado da aula de Música): alumnado de bacharelato, agás 1º BAC B. Empregará a escaleira contigua á porta.
- Debes entrar ao recinto escolar en fila, gardando a distancia de 1,5 m.
- Pódese acceder ao centro a partir das 08:35 e, tras hixienizar as mans, subir directamente á aula e sentarte no teu sitio. As clases empezarán ás 08:45. As tardes dos martes a partir das 16:20 para comezar ás 16:30.
- En todo momento, incluídos os recreos, debes gardar a **distancia de seguridade de 1,5 m** nos corredores e o patio.
- Os **desprazamentos serán sempre pola dereita**, en ringleira, gardando a distancia de seguridade. Bandas no chan e frechas marcarán as divisións e indicarán o sentido de circulación.
- Debes extremar a **hixiene de mans**, usando o xel hidroalcohólico que terás ao teu dispor en cada espazo do centro ou o aportado polo propio alumnado, ou con auga e xabón cando sexa posible. Tes que desinfectar as mans, como mínimo: ao entrar e saír do centro, antes e despois de cada recreo, despois de ir ao baño e despois de tocar calquera obxecto que non sexa teu.
- Na aula ou aulas que utilices terás un **posto fixo**, sempre o mesmo, que o titor, titora ou o profesorado correspondente te asignará no primeiro día de clase. Fíxate nas marcas do chan que indican onde teñen que estar situadas as patas dianteiras da mesa.

- Co fin de gardar as distancias de seguridade, está **prohibido levantarse** sen permiso expreso do profesorado, nin sequera nos cambios de clase.
- A aula debe quedar recollida tras cada clase. Debes **responsabilizarte de deixar o teu posto escolar recollido** (non debe quedar nada no chan nin encima da mesa) e preparado para a limpeza e desinfección por parte do persoal de limpeza.
- Todo o **material escolar** (mochila, libros, cadernos, estoxos, bolígrafos, gomas...) é de uso individual. **Non podes prestar nin recibir nada** doutro compañeiro. Polo tanto, debes revisar antes de saír de casa que traes todo o necesario.
- Este virus é respiratorio, e unha vía moi importante de contaxio son os aerosois, é dicir, as partículas contidas no aire que expulsamos. Canto máis alcemos a voz, máis partículas emitimos e máis lonxe chegan. **Fala todo o baixo que podas** e, en clase, **garda silencio** a menos que che pregunte o profesor ou queiras ti facer unha pregunta. **Levanta a man para pedir permiso para falar.**
- Lembra respectar tamén as direccións de desprazamento e a distancia de seguridade nos recreos e cando teñas que cambiar de aula.
- Soarán **dous timbres para saír aos recreos:**
 - ás 10:20/12:20 para o alumnado da ESO
 - ás 10:25/12:25 para bacharelato

As horas de finalización serán as mesmas para todos (10:45/12:45).

- Nos **recreos** está prohibido xogar ao fútbol, baloncesto, pimpón ou calquera outro xogo que implique compartir obxectos ou non respectar a distancia de seguridade.
- **Só se poderá comer no patio**, ao aire libre, nunca dentro do edificio.
- Tanto para saír ao recreo como para volver ás clases utilizarás a **mesma escaleira e porta** que te asignaron para entrar e saír do instituto.
- O aforo do **baño** está reducido. Nas portas atoparás un cartel co número de ocupantes permitido, Espera a túa quenda respectando a distancia de seguridade.
- Está totalmente prohibido entrar na **cafetería** fóra do horario dos recreos. Para acceder utiliza a porta interior (ao lado dos baños) e para saír a porta que dá ao patio. Debes gardar cola respectando a distancia de seguridade, situándote nas marcas sinaladas no chan. Non se pode permanecer no interior, debes consumir o que merques no exterior.
- A **biblioteca** só pode ser utilizada como máximo por 15 persoas á vez (incluído o profesor). Se algunha das túas clases é neste espazo tes que utilizar sempre o mesmo posto, como na túa aula. Só podes utilizar a biblioteca se hai un profesor de garda. Nos primeiros días de clase recibirás as indicacións concretas de uso da biblioteca e de empréstimo e devolución de libros e outros materiais.
- As **aulas de informática e de apoio** son as únicas nas que non foi posible respectar a distancia mínima interpersonal de 1,5 metros, polo que contarán con

mamparas separadoras. Tes que seguir estritamente as indicacións do profesor que te informará do procedemento a seguir.

- Clases de **Educación Física** e traslados ás instalacións: o primeiro día de clase a profesora de Educación Física acudirá á túa aula para explicar detalladamente o protocolo a seguir nos traslados e na súa clase.
- **Saída do centro:** ao finalizar a xornada soarán **dous timbres** para que a saída sexa o máis fluída posible:
 - 14:18 (polas mañás) e 18:05 (martes pola tarde): para o alumnado de bacharelato.
 - 14:23 (polas mañás) e 18:10 (martes pola tarde): para o alumnado da ESO.Tes que saír directamente do recinto escolar, **sen deterte** polo camiño.
- Os usuarios do **transporte escolar** deben sentarse sempre no mesmo asento, e levar en todo momento a máscara ben posta. Tes que desinfectar as mans ao subir ao autobús.
- Se podes, **vén andando ao instituto**. O aire libre é o espazo máis seguro.

Estas normas teñen como obxectivo prioritario a seguridade sanitaria de toda a comunidade educativa. **Non vale de moito ter coidado no centro se antes de entrar ou nada máis saír te quitas a máscara, fas corro cos compañeiros sen respectar a distancia de seguridade, das bicos e abrazos... Hai que asumir que eses comportamentos, tan normais ata agora, e que todos botamos en falta, implican un risco.**

Non podemos saber se temos o virus nin saber se o teñen as persoas coas que estamos. **Entón, que podemos facer?** Ter precaución e actuar sempre como se tiveses o virus (para non contaxiar aos demais) e como se o tivesen os demais (para non contaxiarte): **máscara, distancia de 1,5 m e hixiene de mans**. Así evitarás que o virus poda chegar á túa familia e protexerás ás persoas que peor o poden pasar se se contaxian (os teus avós ou familiares enfermos, por exemplo).

SÉ SOLIDARIO

SÉ RESPONSABLE

CUMPRE AS NORMAS